

## DECRETO

EXCMA. SRA. DONA LARA MÉNDEZ LÓPEZ, ALCALDESA PRESIDENTA DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO

**ASUNTO: APROBACIÓN DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA MEDIANTE A MODALIDADE DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO DESTINADA A DAR COBERTURA AS OBRIGAS DE CARÁCTER ECONÓMICO DERIVADAS DO: SUBMINISTRO DE MESAS E BANCOS, HAMACAS FIXAS, INSTALACIÓN DE VESTIARIOS, SERVIZO DE VIXILANCIA E SUBMINISTRO DE ELEMENTOS DE SEGURIDADE NA ZONA PÚBLICA DE BAÑO, SITUADA NOS PANTALÁNS INSTALADOS NO RÍO MIÑO, DO CONCELLO DE LUGO.**

Visto o expediente tramitado para modificar créditos mediante a modalidade de transferencia de crédito núm. 13-2022, por un importe total de 103.900,00 €, dentro do vixente orzamento desta Corporación de 2022, para dar cobertura ás seguintes obrigas de carácter económico e na que se sinala a conveniencia de minoración do crédito da aplicación orzamentaria 17100.22799 do vixente Orzamento Xeral:

- Subministro de mesas e bancos na zona pública de baño do Concello de Lugo: 6.500 €
- Subministro de hamacas fixas para a zona de baño: 17.800 €
- Servizo de vixilancia na zona pública de baño do Concello de Lugo, situada nos pantaláns instalados no río Miño: 17.800 €.
- Subministro de elementos de seguridade na zona de baño do Concello de Lugo: 17.800 €
- Instalación de vestiarios na zona pública de baño: 44.000 €

Vistos igualmente os documentos e informes que constan no expediente tramitado para o efecto, o informe da Intervención Xeral Municipal núm: 880/2022 de día 22.05.2022, así como RCMOD núm: 2022/36031 do día 22.05.2022, por importe total de 103.900,00 €.

En virtude do disposto nos artigos 179 a 181 do Real decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo cal apróbase o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais; artigos 40 a 45 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril, Regulamento orzamentario; as Bases de execución do orzamento vixente prorrogado e sobre a base das atribucións conferidas a esta Alcaldía, en virtude do disposto no artigo 124.4 g) e ñ), da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa, **RESOLVO:**

**Primeiro.** Aprobar o actual expediente de modificación de créditos a través da modalidade de transferencia de crédito por un importe global de 103.900,00 € euros para dar cobertura ás obrigas sinaladas na parte positiva do presente decreto:

<b>APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS QUE CEDEN CRÉDITO</b>	<b>IMPORTE €</b>	<b>APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS QUE INCREMENTAN CRÉDITO</b>	<b>C.P.</b>	<b>IMPORTE €</b>
17100.22799	103.900,00 €	17000.60900	22XX00041	86.100,00 €
		17000.22799		17.800,00 €
<b>TOTAL CRÉDITO CEDIDO</b>	<b>103.900,00 €</b>	<b>TOTAL INCREMENTO DE CRÉDITO</b>		<b>103.900,00€</b>

## INTERVENCIÓN

MVF/slb

Refª: ispac6664392979716976894.doc

Asunto: Decreto aprobación TC 13-2022 Praia Fluvial

**Segundo.** Sendo o expediente que se aproba firme e executivo sen máis trámites, polo que se deberán introducir na Contabilidade da Corporación os axustes derivados do mesmo.

Cúmprase.